

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

13781 *Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral.*

Na actual situación de globalización dos mercados, o rápido cambio dos medios tecnolóxicos e os procesos produtivos, así como o continuo avance da sociedade da información, fan que as estratexias coordinadas para o emprego que postula a Unión Europea se orienten cara á obtención dunha poboación activa cualificada.

Unha medida para favorecer a educación e a formación profesional e contribuír á consecución dos obxectivos do Cumio de Lisboa do ano 2000, que se viñeron ampliando e ratificando nos cumios posteriores da Unión Europea, é fomentar o recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación. Todo iso co fin de facilitar a empregabilidade dos cidadáns, a mobilidade, fomentar a aprendizaxe ao longo da vida e favorecer a cohesión social, especialmente daqueles colectivos que carecen dunha cualificación recoñecida.

A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, ten como finalidade a creación dun sistema nacional de cualificacións e formación profesional que favoreza a formación, co fin de elevar o nivel e a calidade de vida das persoas e axudar á cohesión económica e social, así como ao fomento do emprego. A citada lei sinala no artigo 3.5 que un dos fins deste sistema é avaliar e acreditar oficialmente a cualificación profesional calquera que fose a forma da súa adquisición. Así mesmo, establece no seu artigo 4.1.b) que un dos seus instrumentos é un procedemento de recoñecemento, avaliación, acreditación e rexistro das cualificacións profesionais.

O artigo 8 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, expresamente dedicado ao recoñecemento, avaliación, acreditación e rexistro das cualificacións profesionais, recolle no número 1 o carácter e validez dos títulos de formación profesional e dos certificados de profesionalidade, que son as ofertas de formación profesional referidas ao Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais que acreditan as correspondentes cualificacións profesionais a aqueles que as obtivesen.

O mesmo artigo 8 da lei establece no seu número 2 que a avaliación e acreditación das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación terá como referente o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais e desenvolverase seguindo, en todo caso, criterios que garantan a fiabilidade, obxectividade e rigor técnico da avaliación. Indica, así mesmo, que as competencias profesionais así avaliadas, cando non completen as cualificacións recollidas nalgún título de formación profesional ou certificado de profesionalidade, se recoñecerán a través dunha acreditación parcial acumulable coa finalidade, se é o caso, de completar a formación conducente á obtención do correspondente título ou certificado.

Por último, o número 4 do artigo 8 da lei encoméndalle ao Goberno, logo de consulta ao Consello Xeral da Formación Profesional, fixar os requisitos e procedementos para a avaliación e acreditación das competencias, así como os efectos destas.

Establecidos xa, mediante o Real decreto 1538/2006, do 15 de decembro, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo e o Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade, o procedemento para avaliar e acreditar a formación adquirida e as cualificacións profesionais que conforman as diferentes ofertas reguladas nos citados reais decretos, corresponde agora establecer o procedemento e os requisitos para a avaliación e acreditación das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación.

De conformidade coa doutrina do Tribunal Constitucional, a xestión do sistema descentralízase nas comunidades autónomas, ás cales corresponderá a convocatoria e xestión dos procesos de avaliación e acreditación de competencias. Non obstante, a Administración xeral do Estado reserva para si a capacidade de convocar estes procesos naqueles supostos excepcionais en que «non se poida levar a cabo mediante mecanismos de cooperación ou coordinación por requirir un grao de homoxeneidade que só se poida asegurar mediante atribución dun único titular, que forzosamente debe ser o Estado, ou, en fin, cando sexa necesario recorrer a un ente con capacidade para integrar intereses contrapostos de diversas comunidades autónomas» (SSTC 329/1993, FX 4, 243/1993, FX 6, 102/1995, FX 8, 190/2000, FX 10, 223/2000, FX 11 e 306/2002).

Este real decreto determina o procedemento único, tanto para o ámbito educativo coma para o laboral, para a avaliación e acreditación das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación, de que trata o artigo 8.2 da Lei orgánica 5/2002.

Recolle o obxecto, concepto e finalidade do procedemento que se establece, as fases que comprende, así como a súa estrutura e organización; a natureza e características do proceso de avaliación así como o referente para a avaliación e a certificación, e os requisitos de acceso e garantías que deben ter os candidatos que queiran optar a que as súas competencias profesionais sexan avaliadas.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e informadas a Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais e a Conferencia Sectorial de Educación e emitiron informe o Consello Xeral da Formación Profesional, o Consello Escolar do Estado e o Consello Xeral do Sistema Nacional de Emprego.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Inmigración e do ministro de Educación, logo de aprobación da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do 17 de xullo de 2009,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Obxecto, concepto e finalidade

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.

1. Este real decreto ten por obxecto establecer o procedemento e os requisitos para a avaliación e acreditación das competencias profesionais adquiridas polas persoas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación, así como os efectos desa avaliación e acreditación de competencias.

2. O procedemento e os requisitos establecidos neste real decreto, así como os efectos da avaliación e acreditación de competencias, teñen alcance e validez en todo o territorio do Estado.

Artigo 2. Concepto.

Para os efectos deste real decreto, enténdese por procedemento de avaliación e acreditación das competencias profesionais o conxunto de actuacións dirixidas a avaliar e recoñecer estas competencias adquiridas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación.

Artigo 3. Fins do procedemento de avaliación e acreditación.

Os fins do procedemento que se regula neste real decreto son:

a) Avaliar as competencias profesionais que posúen as persoas, adquiridas a través da experiencia laboral e doutras vías non formais de formación, mediante procedementos

e metodoloxías comúns que garantan a validez, fiabilidade, obxectividade e rigor técnico da avaliación.

b) Acreditar oficialmente as competencias profesionais, favorecendo a súa posta en valor co fin de facilitar tanto a inserción e integración laboral e a libre circulación no mercado de traballo, coma a progresión persoal e profesional.

c) Facilitar ás persoas a aprendizaxe ao longo da vida e o incremento da súa cualificación profesional, ofrecendo oportunidades para a obtención dunha acreditación parcial acumulable, coa finalidade de completar a formación conducente á obtención do correspondente título de formación profesional ou certificado de profesionalidade.

Artigo 4. *Definicións*

Para os efectos deste real decreto, entenderase por:

a) Competencia profesional: o conxunto de coñecementos e capacidades que permitan o exercicio da actividade profesional conforme as exixencias da produción e o emprego.

As competencias profesionais inclúense nas unidades de competencia das cualificacións profesionais.

b) Cualificación profesional: o conxunto de competencias profesionais con significación para o emprego que poden ser adquiridas mediante formación modular ou outros tipos de formación e a través da experiencia laboral.

As cualificacións profesionais recóllense no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais e acredítanse en títulos de formación profesional e certificados de profesionalidade.

c) Vías formais de formación: procesos formativos cuxo contido está explicitamente deseñado nun programa que conduce a unha acreditación oficial.

d) Vías non formais de formación: procesos formativos non conducentes a acreditacións oficiais.

CAPÍTULO II

Natureza e características do procedemento de avaliación e acreditación

Artigo 5. *Natureza da avaliación.*

A avaliación, no marco definido neste real decreto, é o proceso estruturado polo que se comproba se a competencia profesional dunha persoa cumpre ou non coas realizacións e criterios especificados nas unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

Artigo 6. *Principios do procedemento.*

Este procedemento rexerese polos seguintes principios:

a) Respecto dos dereitos individuais: a igualdade de oportunidades no acceso e a transparencia do proceso de avaliación proporcionaranlles ás persoas que participen oportunidades adecuadas para que poidan demostrar a súa competencia profesional nas correspondentes unidades de competencia. O acceso ao procedemento terá carácter voluntario e os resultados da avaliación serán confidenciais. Calquera tratamento de datos de carácter persoal que se leve a cabo durante a tramitación do procedemento respectará o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

b) Fiabilidade: fundamentarase en criterios, métodos e instrumentos que aseguren resultados comparables en todas as persoas participantes, independentemente do lugar ou do momento en que se desenvolva a avaliación da competencia profesional.

c) Validez: os métodos de avaliación empregados e a súa posible concreción en probas deberán medir adecuadamente a competencia profesional das persoas que se inscriban no procedemento.

d) Obxectividade: na avaliación e recoñecemento da competencia profesional asegurárase o rigor técnico, a imparcialidade das comisións de avaliación e permitirase a revisión do resultado das avaliacións.

e) Participación: a definición, planificación e seguimento do procedemento realizaranse coa participación dos interlocutores sociais máis representativos.

f) Calidade: un mecanismo de verificación interno e externo asegurará a calidade, o rigor técnico e a validez deste.

g) Coordinación: garantirase a adecuada coordinación e complementariedade nas actuacións de todas as partes responsables do seu desenvolvemento, co fin de conseguir a máxima eficacia e eficiencia na súa implementación.

Artigo 7. *O referente da avaliación e a acreditación.*

1. A avaliación e a acreditación terán como referentes as unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais que estean incluídas en títulos de formación profesional e/ou en certificados de profesionalidade.

2. Para a avaliación da competencia profesional nunha determinada unidade de competencia tomaranse como referentes as realizacións profesionais, os criterios de realización e o contexto profesional incluídos en cada unha delas, de acordo cos criterios que se fixen nas correspondentes guías de evidencias a que se refire o artigo 9.2.c).

3. Cada unidade de competencia será a unidade mínima de acreditación.

CAPÍTULO III

Información e orientación e instrumentos de apoio ao procedemento

Artigo 8. *Información e orientación.*

1. As administracións competentes garantirán un servizo aberto e permanente que facilite información e orientación, a todas as persoas que a soliciten, sobre a natureza e as fases do procedemento, o acceso a este, os seus dereitos e obrigas, as acreditacións oficiais que poden obter e os seus efectos. Esta información e orientación facilitará que as persoas poidan tomar unha decisión fundamentada sobre a súa participación no procedemento así como, de ser o caso, o acompañamento necesario no seu inicio e desenvolvemento.

2. Esta información e orientación será facilitada polas administracións educativas e laborais. Tamén a poderán facilitar as administracións locais, os axentes sociais, as cámaras de comercio e outras entidades e organizacións públicas e privadas.

3. As administracións competentes facilitarán, a todas as entidades que vaian proporcionar servizos de información e orientación, modelos de cuestionarios de autoavaliación das unidades de competencia que sexan obxecto de avaliación en cada convocatoria, co fin de que as persoas participantes identifiquen a súa posible competencia profesional nalgunha delas.

4. As administracións competentes garantirán a formación e actualización dos orientadores e doutros profesionais das administracións educativas e laborais, para o desenvolvemento das funcións sinaladas no número 1 deste artigo.

5. O Ministerio de Traballo e Inmigración e o Ministerio de Educación desenvolverán, coa colaboración das administracións das comunidades autónomas, unha plataforma de información e orientación que permita obter información relativa ao procedemento de avaliación e acreditación, ás convocatorias e ás ofertas de formación. Así mesmo, incluíranse as ferramentas necesarias para facilitar a autoavaliación e a elección de itinerarios formativos.

6. Esta plataforma formará parte do Sistema Integrado de Información e Orientación Profesional no marco do previsto na Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, no Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego e no Real decreto 1538/2006, do

15 de decembro, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo.

7. A Administración xeral do Estado desenvolverá fórmulas de cooperación e coordinación entre todos os entes implicados.

Artigo 9. *Instrumentos de apoio.*

1. O Ministerio de Educación e o Ministerio de Traballo e Inmigración, en colaboración coas comunidades autónomas, elaborarán instrumentos para optimizar o procedemento e garantir a súa homoxeneidade e fiabilidade. Facilitaranse, polo menos, os seguintes instrumentos:

- a) Un manual de procedemento que comprenderá unha guía das persoas candidatas e guías para as figuras do asesor e do avaliador.
- b) Cuestionarios de autoavaliación das unidades de competencia.
- c) Guías de evidencias das unidades de competencia como apoio técnico para realizar o proceso de avaliación cuxa estrutura básica se especifica no anexo I.

2. As administracións competentes das comunidades autónomas poderán completar os ditos instrumentos de apoio para adaptar a metodoloxía de avaliación ás súas necesidades específicas.

CAPÍTULO IV

Convocatoria e inscrición no procedemento

Artigo 10. *Convocatoria do procedemento de avaliación.*

1. As administracións competentes realizarán a convocatoria pública do procedemento de avaliación e acreditación das competencias profesionais, adquiridas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación, en que constará como mínimo:

a) A identificación das unidades de competencia que son obxecto de avaliación, así como os títulos de formación profesional e/ou certificados de profesionalidade en que están incluídas.

b) Os requisitos xerais a que se refire o artigo 11 e, cando a natureza da unidade de competencia profesional que se vai avaliar así o exixa, os requisitos específicos non académicos acordados entre a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas, no marco da cooperación territorial establecido.

c) Os lugares ou medios para formalizar as inscricións, así como os puntos específicos en que se facilitará a información e orientación a que se refire o artigo 8.

d) Os lugares en que se desenvolverá o procedemento.

e) O período de inscrición e os prazos das distintas fases do procedemento de avaliación e acreditación.

f) O procedemento e os prazos para presentar reclamacións ao resultado da avaliación das unidades de competencia.

g) No caso de que se limite o número de persoas que poderán ser avaliadas, ese límite deberá ser establecido na convocatoria, atendendo ás características socioeconómicas da Administración convocante.

h) Os criterios de admisión nos casos en que se convoque un número máximo de persoas para avaliar.

2. As administracións competentes, ao planificar as convocatorias, terán en conta o prazo en que se van convocar todas as unidades de competencia dunha determinada cualificación profesional, para que os candidatos e candidatas poidan completar, polo menos, un certificado de profesionalidade.

3. Para facilitar a cualificación de persoas adultas que non posúan o título de graduado en educación secundaria obrigatoria, as administracións competentes designarán os centros en que poderán solicitar, en calquera momento, a súa participación no procedemento regulado neste real decreto.

4. Para dar resposta ás solicitudes presentadas a que se refire o punto anterior, as administracións competentes realizarán, polo menos, unha convocatoria anual co fin de facilitar que poidan obter como mínimo unha cualificación profesional de nivel I.

5. As organizacións sindicais e empresariais máis representativas, en cada ámbito territorial, poderán solicitar, á Administración xeral do Estado ou á Administración competente en cada comunidade autónoma, a realización de convocatorias específicas para dar resposta tanto ás necesidades de determinadas empresas, sectores profesionais e produtivos, como ás de colectivos con especiais dificultades de inserción e/ou integración laboral.

6. A Administración xeral do Estado, coa colaboración das comunidades autónomas, poderá realizar convocatorias de avaliación e acreditación de competencias para determinados sectores ou colectivos de carácter supraautonómico, cando as convocatorias autonómicas non permitan garantir a integración dos intereses contrapostos de diversas comunidades autónomas, así como a igualdade nas posibilidades de acceso ao procedemento para as persoas potencialmente beneficiarias residentes no territorio de distintas comunidades autónomas.

7. Para o acceso eficaz das persoas que están traballando aos procesos de avaliación e acreditación das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral e doutras aprendizaxes non formais, poderanse utilizar os permisos individuais de formación, de acordo co que estableza o Ministerio de Traballo e Inmigración en desenvolvemento do artigo 12 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego.

8. A Administración xeral do Estado e as administracións competentes das comunidades autónomas garantirán, en cada ámbito territorial, o cumprimento da lexislación en materia de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal, especialmente, das persoas con discapacidade. Para tal fin as persoas que desexen participar no procedemento que se establece neste real decreto disporán dos medios e recursos que precisen para acceder e participar nel.

Artigo 11. *Requisitos de participación no procedemento.*

1. As persoas que desexen participar no procedemento deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Posuír a nacionalidade española, ter obtido o certificado de rexistro de cidadanía comunitaria ou a tarxeta de familiar de cidadán ou cidadá da Unión, ou ser titular dunha autorización de residencia ou de residencia e traballo en España en vigor, nos termos establecidos na normativa española de estranxeiría e inmigración.

b) Ter 18 anos feitos no momento de realizar a inscrición, cando se trate de unidades de competencia correspondentes a cualificacións de nivel I e 20 anos para os niveis II e III.

c) Ter experiencia laboral e/ou formación relacionada coas competencias profesionais que se queren acreditar:

1) No caso de experiencia laboral: xustificar polo menos 3 anos, cun mínimo de 2.000 horas traballadas en total, nos últimos 10 anos transcorridos antes de se realizar a convocatoria. Para as unidades de competencia de nivel I requiriranse 2 anos de experiencia laboral cun mínimo de 1.200 horas traballadas en total.

2) No caso de formación: xustificar polo menos 300 horas, nos últimos 10 anos transcorridos antes de se realizar a convocatoria. Para as unidades de competencia de nivel I requiriranse polo menos 200 horas. Nos casos en que os módulos formativos asociados á unidade de competencia que se pretende acreditar consideren unha duración inferior, deberanse acreditar as horas establecidas nos ditos módulos.

d) Nos casos a que se refire o artigo 10.1.b), posuír documento xustificativo de cumprir con algún dos requisitos adicionais previstos.

2. As persoas maiores de 25 anos que reúnan os requisitos de experiencia laboral ou formativa indicados no número anterior e que non os poidan xustificar mediante os documentos sinalados no artigo 12 deste real decreto, poderán solicitar a súa inscrición

provisional no procedemento. Presentarán a xustificación, mediante algunha proba admitida en dereito, da súa experiencia laboral ou aprendizaxes non formais de formación.

Para estudar estes casos, as administracións competentes designarán os asesores e asesoras necesarios, que emitirán un informe sobre a procedencia ou non da participación do aspirante no procedemento. Se o informe é positivo, procederase á inscrición definitiva.

Artigo 12. *Xustificación do historial profesional e/ou formativo.*

1. A xustificación da experiencia laboral farase cos seguintes documentos:

a) Para traballadores ou traballadoras asalariados:

Certificación da Tesouraría Xeral da Seguranza Social, do Instituto Social da Mariña ou da mutualidade a que estivesen afiliados, onde conste a empresa, a categoría laboral (grupo de cotización) e o período de contratación, e

Contrato de traballo ou certificación da empresa onde adquirisen a experiencia laboral, en que conste especificamente a duración dos períodos de prestación do contrato, a actividade desenvolvida e o intervalo de tempo en que se realizou a dita actividade.

b) Para traballadores ou traballadoras autónomos ou por conta propia:

Certificación da Tesouraría Xeral da Seguranza Social ou do Instituto Social da Mariña dos períodos de alta na Seguranza Social no réxime especial correspondente e Descrición da actividade desenvolvida e intervalo de tempo en que se realizou.

c) Para traballadores ou traballadoras voluntarios ou bolseiros:

Certificación da organización onde se prestase a asistencia en que consten, especificamente, as actividades e funcións realizadas, o ano en que se realizaron e o número total de horas dedicadas a elas.

As administracións competentes promoverán o establecemento dun sistema de comunicación electrónica coa Tesouraría Xeral da Seguranza Social para a transmisión destes datos.

2. Para as competencias profesionais adquiridas a través de vías non formais de formación, a xustificación realizarase mediante documento que acredite que o aspirante posúe formación relacionada coas unidades de competencia que se pretendan acreditar, en que consten os contidos e as horas de formación.

Artigo 13. *Inscrición no procedemento.*

1. A inscrición para a participación no procedemento regulado neste real decreto deberase formalizar nos lugares ou polos medios que determinen as administracións competentes na correspondente convocatoria.

2. O modelo de solicitude conterá os aspectos sinalados no anexo II. Á solicitude xuntarase o historial persoal e/ou formativo de acordo co modelo de curriculum vitae europeo.

3. Os candidatos e candidatas, co fin de facilitar a fase de asesoramento, tamén poderán presentar cuestionarios de autoavaliación, así como a documentación que consideren necesaria para xustificar a competencia profesional requirida nas unidades de competencia en que se inscribisen.

4. Os aspirantes a participar no procedemento poderanse inscribir en calquera convocatoria pública para a avaliación e acreditación da competencia profesional. Para iso, as convocatorias publicaranse íntegras nos boletíns ou diarios oficiais das administracións convocantes e un extracto destas no «Boletín Oficial del Estado».

5. As administracións competentes farán pública a lista de aspirantes admitidos no procedemento, que iniciarán a fase de asesoramento.

CAPÍTULO V

Instrución e resolución do procedemento

Artigo 14. *Fases.*

A instrución do procedemento constará das seguintes fases:

- a) Asesoramento.
- b) Avaliación da competencia profesional.
- c) Acreditación e rexistro da competencia profesional.

Artigo 15. *Primeira fase. Asesoramento.*

1. O asesoramento será obrigatorio e terá carácter individualizado ou colectivo, en función das características da convocatoria e das necesidades das persoas que presenten a súa candidatura. Poderase realizar de forma presencial ou a través de medios telemáticos, cando así o establezan as administracións responsables da convocatoria.

2. O asesor ou asesora, cando se considere necesario, citará o aspirante a participar no procedemento para axudalo, se é o caso, a autoavaliar a súa competencia, completar o seu historial persoal e/ou formativo ou a presentar evidencias que o xustifiquen. Esta solicitude de asesoramento tamén se poderá realizar de forma individual.

3. O asesor ou asesora, atendendo á documentación achegada, realizará un informe orientativo sobre a conveniencia de que o aspirante acceda á fase de avaliación e sobre as competencias profesionais que considera suficientemente xustificadas.

4. Se o informe citado no número anterior é positivo, trasladarase á correspondente comisión de avaliación toda a documentación achegada así como o informe elaborado debidamente asinado.

5. Se o informe é negativo, indicáraselle ao candidato ou candidata a formación complementaria que debería realizar e os centros onde a podería recibir. Non obstante, dado que o contido do informe do asesor ou asesora non é vinculante, o candidato ou candidata poderá decidir pasar á fase de avaliación. Neste caso, tamén se trasladará á comisión de avaliación, xunto co informe, a documentación referida no número 4 deste artigo.

Artigo 16. *Segunda fase. Proceso de avaliación.*

1. A avaliación, en cada unha das unidades de competencia en que se inscribise o candidato ou candidata, terá por obxecto comprobar se demostra a competencia profesional requirida nas realizacións profesionais, nos niveis establecidos nos criterios de realización e nunha situación de traballo, real ou simulada, fixada a partir do contexto profesional.

2. A avaliación realizarase analizando o informe do asesor ou asesora e toda a documentación achegada polo candidato e, de ser o caso, solicitando novas evidencias necesarias para avaliar a competencia profesional requirida nas unidades de competencia en que se inscribise.

3. Utilizaranse os métodos que se consideren necesarios para comprobar o explicitado pola persoa que presente a súa candidatura na documentación achegada. Estes métodos poden ser, entre outros, a observación do candidato ou candidata no posto de traballo, simulacións, probas estandarizadas de competencia profesional ou entrevista profesional.

4. A selección dos métodos e a súa concreción en actividades de avaliación realizarase de acordo coa natureza da unidade de competencia, as características da persoa aspirante a participar no procedemento e os criterios para a avaliación recollidos nas guías de evidencias.

5. A avaliación desenvolverase seguindo unha planificación previa, na cal constarán, polo menos, as actividades e métodos de avaliación, así como os lugares e datas previstos. De cada actividade quedará un rexistro asinado polo aspirante e o avaliador.

6. O resultado da avaliación da competencia profesional nunha determinada unidade de competencia expresarase en termos de demostrada ou non demostrada.

7. O candidato ou candidata avaliado será informado dos resultados da avaliación e terá dereito a reclamación ante a comisión de avaliación e, de ser o caso, a presentar recurso de alzada ante a Administración competente.

8. O expediente de todo o proceso, en que se rexistren todos os rexistros e resultados producidos ao longo do procedemento, será custodiado pola Administración competente.

Artigo 17. *Terceira fase. Acreditación da competencia profesional.*

1. Aos candidatos e candidatas que superen o proceso de avaliación, segundo o procedemento previsto neste real decreto, expediráselles unha acreditación de cada unha das unidades de competencia en que demostrasen a súa competencia profesional, de acordo co modelo do anexo III-A.

2. Cando, a través deste procedemento, a persoa candidata complete os requisitos para a obtención dun certificado de profesionalidade ou un título de formación profesional, a Administración competente indicarlle os trámites necesarios para a súa obtención.

3. A obtención do título de técnico ou de técnico superior requirirá cumprir os requisitos de acceso previos ás ensinanzas correspondentes, segundo o prevé a Lei orgánica, 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Artigo 18. *Expedición e rexistro das acreditacións.*

1. A expedición da acreditación de unidades de competencia corresponderá á Administración responsable da estrutura a que se refire o artigo 21.1.

2. A Administración competente transferirá os resultados a un rexistro, de carácter estatal, nominal e por unidades de competencia acreditadas. O Servizo Público de Emprego Estatal será o responsable do ficheiro deste rexistro, ao cal terán acceso o Ministerio de Educación, para o exercicio das competencias atribuídas a este por lei, e as administracións educativas e laborais das comunidades autónomas para os efectos previstos no artigo seguinte. Para garantir a completa actualización desta información en tempo real, para os efectos laborais e/ou educativos, así como para os efectos previstos na lexislación de protección de datos de carácter persoal, estableceranse os procedementos correspondentes.

Artigo 19. *Efecto das acreditacións obtidas.*

A acreditación dunha unidade de competencia adquirida por este procedemento ten efectos de acreditación parcial acumulable de acordo co establecido no artigo 8.3 da Lei 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, coa finalidade, se é o caso, de completar a formación conducente á obtención do correspondente título ou certificado, así:

a) A Administración educativa recoñecerá as unidades de competencia acreditadas, que producirán efectos de validación dos módulos profesionais correspondentes, segundo a normativa vixente, e que se establece en cada un dos títulos.

b) A Administración laboral recoñecerá as unidades de competencia acreditadas, que producirán efectos de exención dos módulos formativos asociados ás unidades de competencia dos certificados de profesionalidade, segundo a normativa vixente, e que se establece en cada un dos certificados.

Artigo 20. *Do plan de formación.*

Ao concluír todo o procedemento de avaliación e acreditación das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación, as administracións competentes remitirán a todas as persoas que participasen no procedemento establecido neste real decreto, un escrito en que se fará constar, segundo proceda:

a) Posibilidades de formación, coas orientacións pertinentes, para que poidan acreditar en convocatorias posteriores as unidades de competencia para as cales solicitaron acreditación.

b) Posibilidades de formación, coas orientacións pertinentes, para completar a formación conducente á obtención dun título de formación profesional ou certificado de profesionalidade relacionado con estas.

CAPÍTULO VI

Organización e xestión do procedemento

Artigo 21. *Estrutura.*

1. As estruturas organizativas responsables do procedemento serán:

a) A Administración xeral do Estado. O Ministerio de Traballo e Inmigración e o Ministerio de Educación constituirán unha comisión interministerial para garantir o cumprimento dos principios, fins e funcións do procedemento regulado neste real decreto, así como para o seu seguimento e avaliación. Para iso, esta comisión deberá:

1) Dispor da información de todas as convocatorias que se realicen en cada ámbito territorial co fin de facilitar a súa complementariedade e a información a todas as persoas interesadas.

2) Facilitar o intercambio de asesores e avaliadores entre as diferentes comunidades autónomas.

3) Promover os acordos necesarios entre a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas para a realización de todas ou algunha das fases do procedemento.

4) Elaborar, en colaboración coas comunidades autónomas, as guías de evidencias das diferentes unidades de competencia así como o resto de documentación e instrumentos necesarios para a implementación do procedemento de avaliación e acreditación establecido neste real decreto.

5) Establecer, en colaboración coas comunidades autónomas, a estrutura organizativa responsable do procedemento para as convocatorias previstas no artigo 10.6.

b) As administracións das comunidades autónomas. En cada comunidade autónoma, as administracións educativa e laboral competentes establecerán conxuntamente a estrutura organizativa responsable do procedemento que se establece neste real decreto.

Esta estrutura deberá indicar, polo menos, os órganos, unidades e colectivos encargados de realizar as seguintes funcións: xestión única do procedemento, seguimento e avaliación de resultados, información, asesoramento, avaliación dos candidatos, acreditación e rexistro das unidades de competencia.

2. O Consello Xeral de Formación Profesional participará como órgano asesor e consultivo no seguimento e avaliación do desenvolvemento e resultados do dito procedemento.

3. As administracións públicas competentes garantirán, na forma prevista nos seus respectivos ámbitos territoriais, a participación das organizacións empresariais e sindicais máis representativas.

Artigo 22. *Xestión.*

1. As administracións responsables do procedemento de avaliación e acreditación, no ámbito territorial correspondente, realizarán as seguintes funcións:

a) Planificar, dirixir e coordinar a xestión do procedemento, impulsando o desenvolvemento e a calidade deste no seu territorio de xestión.

b) Facilitar á Administración xeral do Estado os datos necesarios para o seguimento e avaliación do procedemento, nos termos establecidos nos artigos 10.6 e 17 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.

c) Designar as comisións de avaliación e ditar as instrucións que orientarán as súas actuacións.

d) Determinar as sedes para a realización das distintas fases do procedemento.

- e) Planificar e xestionar a formación inicial e continua dos asesores e avaliadores.
- f) Habilitar os asesores e avaliadores, e manter o rexistro destes.
- g) Establecer un plan de calidade de todo o proceso no seu ámbito de competencia.
- h) Gardar e custodiar a documentación que xere cada candidato durante o desenvolvemento do procedemento.
- i) Acreditar as unidades de competencia aos candidatos e candidatas que superasen o procedemento de avaliación.
- j) Rexistrar as acreditacións expedidas.

2. As administracións competentes garantirán a implantación e desenvolvemento do procedemento no seu ámbito de competencia.

3. A Administración xeral do Estado e as administracións competentes das correspondentes comunidades autónomas habilitarán as persoas necesarias para garantir o desenvolvemento das funcións de asesoramento e avaliación, que deberán cumprir, en todo caso, os requisitos establecidos no artigo 25.1.

Artigo 23. *Funcións dos asesores.*

1. As persoas habilitadas polas administracións competentes para desenvolver as tarefas de asesoramento terán, no marco deste procedemento, as seguintes funcións:

- a) Asesorar o candidato ou candidata na preparación e posta a punto do proceso de avaliación, así como, de ser o caso, no desenvolvemento do historial profesional e formativo presentado e na formalización do cuestionario de autoavaliación.
- b) Elaborar un informe orientativo sobre a conveniencia de que o aspirante a participar no proceso pase á fase de avaliación e sobre as competencias profesionais que considera suficientemente xustificadas e, de ser o caso, sobre a formación necesaria para completar a unidade de competencia que pretenda que sexa avaliada.
- c) Colaborar coas comisións de avaliación cando así lles sexa requirido.

2. Os responsables do asesoramento poderán percibir as compensacións económicas que regulamentariamente estableza a Administración convocante en función das súas dispoñibilidades orzamentarias. Cando a convocatoria a realice a Administración xeral do Estado, as compensacións rexeranse polo disposto no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Artigo 24. *Funcións dos avaliadores.*

As persoas habilitadas polas administracións competentes, como membros das comisións de avaliación, terán as seguintes funcións:

- a) Concretar as actividades de avaliación da competencia profesional, de acordo cos métodos e instrumentos establecidos pola comisión de avaliación e co establecido na correspondente guía de evidencias.
- b) Realizar a avaliación de acordo co plan establecido e rexistrar as súas actuacións nos documentos normalizados.
- c) Avaliar os candidatos e candidatas seguindo o procedemento establecido, así como resolver as incidencias que se poidan producir.

Artigo 25. *Requisitos para ser asesor e/ou avaliador.*

1. Os requisitos que deberán concorrer en todo caso para obter das administracións competentes a habilitación para exercer as funcións de asesoramento e/ou avaliación son:

- a) Ter unha experiencia de polo menos catro anos nalgún dos seguintes colectivos:
Profesorado pertencente aos corpos de catedráticos, profesores de ensino secundario ou técnicos de formación profesional, con atribución docente na familia profesional correspondente.
Formadores e formadoras especializados nas unidades de competencia que se especifiquen.

Profesionais expertos nas unidades de competencia que se especifiquen.

b) Superar un curso de formación específica organizado ou supervisado polas administracións competentes. Os contidos do curso tomarán como referente o establecido nos anexos IV e V.

2. As persoas designadas polas administracións competentes para o asesoramento non poderán participar como avaliadores nunha mesma convocatoria de avaliación e acreditación.

Artigo 26. *Comisións de avaliación.*

En cada ámbito territorial, as administracións responsables do procedemento nomearán as comisións de avaliación necesarias das diferentes especialidades ou familias profesionais correspondentes ás unidades de competencia para as cales se convocase o procedemento de avaliación e acreditación.

Artigo 27. *Composición e funcionamento das comisións de avaliación.*

1. Cada comisión estará formada por un mínimo de cinco persoas acreditadas para avaliar: unha que desempeñará a presidencia, outra a secretaria e polo menos tres como vogais. Garantírase a presenza de avaliadores tanto do sector formativo coma do produtivo. Excepcionalmente, as administracións competentes poderán designar comisións de avaliación en que falte algún dos dous sectores se doutra forma non se puidese realizar a fase de avaliación.

2. Quen desempeñe a presidencia será o responsable dos traballos da comisión e manterá a necesaria coordinación entre as diferentes fases do procedemento. Será un empregado público da Administración e deberá ter unha experiencia laboral ou docente de, polo menos, seis anos, ou ter actuado durante dous anos en funcións de asesoría ou de avaliación neste procedemento.

3. O secretario ou secretaria dará fe dos acordos tomados pola comisión e será un empregado público da Administración.

4. A comisión de avaliación poderá propoñer a incorporación de profesionais cualificados en calidade de expertos, con voz pero sen voto, que serán nomeados, se procede, pola Administración competente.

5. Para protexer a imparcialidade e rigor técnico da avaliación, e sen prexuízo das peculiaridades previstas neste real decreto, o funcionamento e as actuacións das comisións de avaliación estarán suxeitas á Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

6. Os membros das comisións poderán percibir as compensacións económicas que regulamentariamente estableza a Administración convocante, en función das súas dispoñibilidades orzamentarias. Cando a convocatoria a realice a Administración xeral do Estado, as compensacións rexeranse polo disposto no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Artigo 28. *Funcións das comisións de avaliación.*

Son funcións das comisións de avaliación:

a) Organizar o proceso de avaliación a través dun plan que inclúa as actividades ou probas necesarias e a xestión derivada da súa actuación.

b) Valorar a documentación achegada polos candidatos e polo informe do asesor a que se fai referencia no artigo 15.3. Poderáselle requirir ao interesado, se iso for necesario, a achega doutra documentación complementaria que evidencie a adquisición das competencias profesionais que solicita que lle sexan recoñecidas.

c) Determinar os métodos e instrumentos de avaliación da competencia profesional.

d) Avaliar a competencia profesional a partir da información recompilada e as evidencias xeradas e rexistradas ao longo de todo o procedemento, tomando como

referente as realizacións profesionais e os criterios de realización de cada unha das unidades de competencia.

e) Recoller os resultados nunha acta de avaliación que, xunto con todo o expediente, se remitirán á Administración competente, coa proposta de certificación correspondente para a acreditación dos candidatos.

f) Resolver as reclamacións que poidan presentar os candidatos durante o proceso de avaliación.

g) Documentar o proceso de avaliación para o seguimento, control e aseguramento da calidade.

h) Informar o candidato dos resultados da avaliación, así como das oportunidades para completar a súa formación e obter a acreditación completa de títulos de formación profesional ou certificados de profesionalidade.

i) Cantas outras vinculadas ás súas funcións lle sexan asignadas pola Administración competente.

Artigo 29. *Centros autorizados e sedes para a realización das diferentes fases de instrución e resolución do procedemento.*

1. Os centros integrados públicos de formación profesional, os centros integrados privados concertados, que contén coa correspondente autorización administrativa, e os centros de referencia nacional poderán ser autorizados pola Administración competente en cada ámbito territorial para desenvolver as distintas fases.

2. Cando sexa necesario, a Administración competente poderá determinar outras sedes para a realización dalgunhas das fases, que cederán as súas instalacións e servizos. Para estes efectos, poderanse utilizar outros centros que imparten formación profesional ou outros espazos situados fóra dos centros docentes cando se considere axeitado. Nestes casos, a Administración competente poderá subscribir convenios con empresas ou outras entidades públicas ou privadas.

Artigo 30. *Seguimento e avaliación.*

1. A Administración xeral do Estado, en colaboración coas comunidades autónomas, e logo de consulta ao Consello Xeral da Formación Profesional, elaborará un plan de seguimento e avaliación que permita comprobar a calidade, a eficacia e o impacto do procedemento.

2. As comunidades autónomas proporcionarán á Administración xeral do Estado a información e os datos necesarios para o desenvolvemento do plan de seguimento e avaliación no conxunto do Estado.

3. A Administración xeral do Estado elaborará anualmente un informe que presentará ao Consello Xeral da Formación Profesional e que incluírá, se é o caso, propostas de mellora para os distintos aspectos do procedemento.

Disposición adicional primeira. *Da xestión da calidade.*

1. O procedemento de avaliación e acreditación da competencia profesional que desenvolva cada Administración competente a través da súa propia estrutura organizativa dotarase de sistemas de xestión da calidade.

2. O sistema de xestión da calidade deberá asegurar que se logren os obxectivos e se cumpran as finalidades e os principios establecidos neste real decreto. Para iso, considerará a avaliación de todos os aspectos que inciden no procedemento e contará coa participación das diferentes persoas e servizos que interviñesen nel.

3. O proceso de avaliación e acreditación da competencia será verificado a través de avaliacións internas e auditorías externas que poidan contribuír a un proceso de mellora continua.

Disposición adicional segunda. *Do financiamento.*

1. Para participar no procedemento regulado neste real decreto, as persoas que presenten a súa candidatura deberán aboar as taxas administrativas que, se é o caso, establezan as administracións competentes, coa excepción daqueles supostos en que se prevexa a súa exención.

2. As administracións competentes disporán, estimado un nivel de ingresos por taxas, de recursos económicos para a realización do establecido neste real decreto, conforme as dispoñibilidades orzamentarias existentes.

Disposición adicional terceira. *Inscrición en varias convocatorias.*

A inscrición en varias convocatorias, durante o mesmo ano, para a avaliación dunha mesma unidade de competencia profesional non permitirá que o aspirante reciba axudas para máis dunha das convocatorias.

Disposición adicional cuarta. *Validación de módulos profesionais non asociados a unidades de competencia.*

O Ministerio de Educación, en colaboración coas comunidades autónomas, establecerá un procedemento para que as persoas que teñan acreditadas todas as unidades de competencia incluídas nun determinado título de formación profesional poidan validar o resto dos módulos profesionais necesarios para obter o dito título.

Disposición adicional quinta. *Protección de datos de carácter persoal.*

Calquera tratamento de datos de carácter persoal que se leve a cabo durante a tramitación do procedemento respectará o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Disposición adicional sexta. *Profesións da área sanitaria de formación profesional.*

1. As convocatorias do procedemento de avaliación e acreditación das competencias profesionais na familia profesional de sanidade deberanse axustar aos requisitos específicos que se acorden entre o Ministerio de Sanidade e Política Social e as comunidades autónomas, no marco da cooperación territorial, tendentes a garantir a adecuada planificación dos recursos humanos do sistema de saúde e o adecuado nivel formativo dos profesionais da área sanitaria, en coherencia co regulado na Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias.

2. Para a avaliación de unidades de competencia profesional que estean incluídas en títulos de formación profesional exixidos para o exercicio dunha profesión sanitaria regulada, as comisións de avaliación deberán, por proposta da Administración sanitaria competente, incorporar profesionais cualificados en calidade de expertos, de acordo co artigo 27.4 deste real decreto ou como avaliadores, se están habilitados para iso.

Disposición transitoria primeira. *Aplicación de normas anteriores.*

Ata o 30 de setembro de 2009, as administracións competentes poderán realizar convocatorias de procesos de avaliación e acreditación de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación, ao abeiro do disposto no Real decreto 942/2003, do 18 de xullo, polo que se determinan as condicións básicas que deben reunir as probas para a obtención dos títulos de técnico e técnico superior de formación profesional específica, e no Real decreto 1506/2003, do 28 de novembro, polo que se establecen as directrices dos certificados de profesionalidade.

Disposición transitoria segunda. *Efectos da acreditación de unidades de competencia profesionais aínda non incluídas en títulos de formación profesional ou certificados de profesionalidade.*

1. Cando as administracións competentes convoquen o procedemento de avaliación dunha unidade de competencia que aínda non estea incluída nalgún título de formación profesional ou certificado de profesionalidade, emitirase unha acreditación de acordo co anexo III B).

2. A dita acreditación producirá efectos de acreditación parcial acumulable cando sexa establecido o correspondente título ou certificado que a inclúa.

Disposición transitoria terceira. *Excepcionalidade do requisito de idade.*

Ás convocatorias que se realicen durante os anos 2009 e 2010, ao abeiro do procedemento descrito neste real decreto, de avaliación de unidades de competencia correspondentes a cualificacións de nivel II, poderanse presentar as persoas que teñan 19 anos cumpridos no momento de realizar a inscrición.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto e, en particular, a disposición transitoria única do Real decreto 942/2003, do 18 de xullo, polo que se determinan as condicións básicas que deben reunir as probas para a obtención dos títulos de técnico e técnico superior de formación profesional específica.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase en virtude das competencias sinaladas no artigo 149.1, 1.^a, 7.^a e 30.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva para a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais; a lexislación laboral; e a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais e normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución, co fin de garantir o cumprimento das obrigas dos poderes públicos nesta materia.

Disposición derradeira segunda. *Normas de desenvolvemento.*

Habíltanse as persoas titulares dos ministerios de Educación e de Traballo e Inmigración para ditar, no ámbito das súas respectivas competencias, cantas disposicións sexan precisas para desenvolver o previsto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Implantación.*

A partir da entrada en vigor deste real decreto, as comunidades autónomas iniciarán as actuacións necesarias para que, no prazo máximo dun ano, se implante o procedemento de avaliación e acreditación das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación, establecido neste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 17 de xullo de 2009.

JUAN CARLOS R.

ANEXO I

ESTRUTURA BÁSICA DA GUÍA DE EVIDENCIAS DA COMPETENCIA PROFESIONAL

1ª. Especificacións de avaliación da unidade de competencia.

- Análise previa e contextualización.
- Táboa resumo de evidencias de competencia:
 - o Dimensións da competencia profesional.
 - o Evidencias de competencia seleccionadas.
 - o Realizacións profesionais asociadas.
 - o Criterios de realización vinculados.
- Táboa resumo de criterios e indicadores de desempeño da unidade de competencia:
 - o Criterios de mérito.
 - o Indicadores.
 - o Ponderación.
 - o Escala de desempeño competente.

2ª. Métodos de avaliación da unidade de competencia e orientacións para a súa aplicación.

- Métodos recomendados para a recolla de evidencias de competencia.
- Outros métodos alternativos.
- Orientacións, soportes e instrumentos para a aplicación dos métodos indicados.
- Orientacións e criterios para a avaliación da competencia profesional.

ANEXO II

ANAGRAMA ADMINISTRACIÓN CONVOCANTE
--

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN DA COMPETENCIA PROFESIONAL

D./D.^{a1}.....de nacionalidade
 con DNI/NIE ², con domicilio na localidade de....., código postal.....
 provincia....., teléfono....., correo electrónico.....
 Considerando que reúne as condicións persoais establecidas no artigo..... do Real decreto.....
 do, polo que se establecen o procedemento e os requisitos para a avaliación e
 acreditación das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral ou de vías non
 formais de formación (BOE...), SOLICITA A SÚA INSCRICIÓN NA CONVOCATORIA
 do....., emitida por³.....
 E SER AVALIADO/A DAS SEGUINTE UNIDADES DE COMPETENCIA⁴ DO CATÁLOGO NACIONAL DE
 CUALIFICACIÓN PROFESIONAIS ⁵

CÓDIGO	DENOMINACIÓN DA UNIDADE DE COMPETENCIA
.....
.....
.....
.....
.....
.....

Para o cal xunta a documentación que se detalla no dorso, de cuxa autenticidade se responsabiliza.

En, o de de 2009

Asdo.:

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE CUMPRIR OS REQUISITOSTODAS AS PERSOAS SOLICITANTES⁶

- Documento de identidade ou pasaporte ou, no caso de persoas estranxeiras, o NIE.
- Autorización de residencia ou de residencia e traballo.
- Curriculum vitae* en formato oficial.

SOLICITANTES CON EXPERIENCIA LABORAL:

③ **Solicitantes que adquiriron as competencias como traballadores ou traballadoras asalariados⁷**

- Certificado da Tesouraría Xeral da Seguranza Social, do Instituto Social da Mariña ou da mutualidade a que estivesen afiliados, onde consten a empresa, a categoría laboral (grupo de cotización) e o período de contratación.

e

- Contrato de traballo ou certificado da empresa onde adquirise a experiencia laboral en que consten especificamente a duración dos períodos de prestación do contrato, a actividade desenvolvida e o intervalo de tempo en que se realizou a actividade.

③ **Solicitantes que adquiriron as competencias como traballadores ou traballadoras autónomos ou por conta propia**

- Certificado da Tesouraría Xeral da Seguranza Social ou do Instituto Social da Mariña dos períodos de alta na Seguranza Social no réxime especial correspondente.

- Descrición da actividade desenvolvida e intervalo de tempo en que se realizou esta.

③ **Solicitantes que adquiriron as competencias como traballadores ou traballadoras voluntarios ou bolseiros**

- ③ Certificación da organización en que consten as actividades e funcións realizadas e o número total de horas.

③ **Outros documentos presentados⁸**

- _____
- _____

1 Indicar nome e apelidos da persoa solicitante.

2 En caso de persoas estranxeiras deberase especificar o número de identidade de estranxeiro (NIE).

3 Unidade da Administración convocante ante a cal se efectúa a solicitude.

4 A acreditación de unidades de competencia que aínda non estean incluídas nalgún título ou certificado de profesionalidade producirá efectos de acreditación parcial acumulable cando sexa establecido o correspondente título ou certificado que as inclúa.

5 Indicar o código e a denominación que figuran na convocatoria.

6 Márquese con X onde proceda. Nos procedementos convocados pola Administración xeral del Estado non será necesario presentar copia do DNI, de conformidade co Real decreto 522/2006, do 28 de abril, polo que se suprime a presentación de fotocopias de documentos de identidade nos procedementos administrativos da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos vinculados ou dependentes.

7 Deberase xuntar autorización de residencia ou de residencia e traballo, ou certificado de rexistro de cidadán comunitario, ou tarxeta de residencia de familiar de cidadán da Unión.

8 Indicar o tipo e/ou a denominación dos documentos de carácter laboral e/ou formativo que sirvan como proba potencial da competencia que se pretende demostrar.

Observacións xerais

- ③ Os documentos presentados deberán ser fotocopias compulsadas pola Administración convocante.
- ③ De acordo co disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, informámolo de que: a) os datos facilitados neste formulario serán incorporados aos ficheiros da Administración convocante e serán obxecto de tratamento co fin de determinar, se procede, o recoñecemento do solicitado; b) serán obxecto de cesión ás administracións competentes coa finalidade de poder xestionar os dereitos derivados do recoñecemento da súa solicitude; c) o interesado poderá exercer os seus dereitos ante a propia Administración competente.

ANEXO III-A

MODELO DE DOCUMENTO DE ACREDITACIÓN DE UNIDADES DE COMPETENCIA INCLÚIDAS EN TÍTULOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL E CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE

D./D.^a....., en representación de (Administración competente para a acreditación da competencia profesional), certifica que:

D./D.^a con DNI/NIE..... demostrou a súa competencia profesional mediante avaliación realizada segundo o Real decreto...../2009, no marco do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional, na/s seguintes unidade/es de competencia:

Código	Denominación	Nivel
UC...._..		
UC...._..		
UC...._..		

E para que así conste e produza, de ser o caso, os efectos de **acreditación parcial acumulable** para a consecución de títulos e/ou certificados de profesionalidade, segundo o previsto no Real decreto/2009, asínase en o de..... de.....

ANEXO III-B

MODELO DE DOCUMENTO DE ACREDITACIÓN DE UNIDADES DE COMPETENCIA AÍNDA NON INCLÚIDAS EN TÍTULOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL E CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE

D./D.^a....., en representación de (Administración competente para a acreditación da competencia profesional), certifica que:

D./D.^a, con DNI/NIE..... demostrou a súa competencia profesional mediante avaliación realizada segundo o Real decreto...../2009, no marco do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional, na/s seguintes unidade/es de competencia non incluídas no día da data en títulos e certificados de profesionalidade:

Código	Denominación	Nivel
UC...._..		
UC...._..		
UC...._..		

Esta acreditación de unidades de competencia producirá, de ser o caso, efectos de acreditación parcial acumulable cando sexa establecido o correspondente título ou certificado de profesionalidade que as inclúa.

....., o de..... de.....

ANEXO IV

BLOQUES DE CONTIDOS PARA A FORMACIÓN DO ASESOR DO PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN DA COMPETENCIA PROFESIONAL

Bloque 1: Contexto do asesoramento.

- 1.1.- Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional.
- 1.2.- O Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.
 - A cualificación profesional: estrutura.
 - A unidade de competencia: realización profesional, criterios de realización, contexto profesional.
- 1.3.- O sistema integrado de información e orientación profesional.
- 1.4.- Acreditación das cualificacións profesionais: títulos de formación profesional, certificados de profesionalidade e acreditación parcial acumulable.
- 1.5.- Recursos formativos existentes.

Bloque 2: O procedemento de avaliación e acreditación das competencias

- 2.1.- As fases do procedemento.
- 2.2.- Os requisitos para a avaliación e acreditación das competencias profesionais.
- 2.3.- Os efectos da acreditación.
- 2.4.- Funcións e competencias do asesor no procedemento.
- 2.5.- Casos prácticos.

Bloque 3: Fundamentos técnicos no asesoramento.

- 3.1.- Tipoloxía de asesoramentos e traxectorias profesionais.
- 3.2.- Características das competencias adquiridas mediante a experiencia laboral e vías non formais de formación.
- 3.3.- Análise da demanda: estudo de perfís de usuarios.
- 3.4.- Relación do asesor co candidato.
- 3.5.- Relacións do asesor coa comisión de avaliación.
- 3.6.- Seguimento e continuidade no proceso de asesoramento.
- 3.7.- Casos prácticos.

Bloque 4: Métodos e instrumentos.

- 4.1.- Criterios e procedementos de asesoramento.
- 4.2.- O manual de procedemento: a guía do candidato, a guía do asesor e a guía do avaliador.
- 4.3.- O historial profesional e formativo: o *curriculum vitae* do candidato.
- 4.4.- A autoavaliación do candidato: finalidades e instrumentos.
- 4.5.- O *dossier* de competencias do candidato: modelos, métodos e técnicas de elaboración.
- 4.6.- A entrevista profesional con fins de asesoramento.
- 4.7.- O informe de diagnóstico inicial, comunicación de resultados e recomendacións para a aprendizaxe permanente.
- 4.8.- Casos prácticos.

Bloque 5: Ética e calidade no asesoramento.

- 5.1.- Instrumentos de calidade no proceso de asesoramento.
- 5.2.- Principios éticos do asesoramento e códigos de conduta.
- 5.3.- Cuestións legais que afectan a acreditación.

ANEXO V

BLOQUES DE CONTIDOS PARA A FORMACIÓN DE AVALIADORES DA COMPETENCIA PROFESIONAL

Bloque 1: Contexto da avaliación

- 1.1.- Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional.
- 1.2.- O Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.
 - A cualificación profesional: estrutura.
 - A unidade de competencia: realizacións profesionais, criterios de realización, contexto profesional.
- 1.3.- Os requisitos e procedementos para a avaliación e acreditación das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación, e os efectos destas.
- 1.4.- Acreditación das cualificacións profesionais: títulos de formación profesional, certificados de profesionalidade e acreditación parcial acumulable.
- 1.5.- Recursos formativos existentes.

Bloque 2: O procedemento de avaliación e acreditación das competencias

- 2.1.- As fases do procedemento.
- 2.2.- Os requisitos para a avaliación e acreditación das competencias profesionais.
- 2.3.- Os efectos da acreditación.
- 2.4.- Características da etapa de avaliación.
- 2.5.- Funcións e competencias do avaliador.
- 2.6.- Casos prácticos.

Bloque 3: Fundamentos técnicos da avaliación

- 3.1.- Funcións do avaliador no procedemento de avaliación da competencia profesional.
- 3.2.- Desempeño profesional, competencias e evidencias de competencia profesional.
- 3.3.- A obtención de evidencia suficiente da competencia profesional como eixe da avaliación: tipoloxía e fontes de obtención.
- 3.4.- Análise de métodos e instrumentos de avaliación.
- 3.5.- O manual de procedemento: a guía do candidato, a guía do asesor e a guía do avaliador.
- 3.6.- O informe do asesor e a súa utilización na avaliación.

Bloque 4: A Guía de evidencia da competencia

- 4.1.- Conceptos e estrutura básica.
- 4.2.- Utilización da guía.
- 4.3.- Casos prácticos.

Bloque 5: Métodos e instrumentos da avaliación da competencia profesional

- 5.1.- Planificación da avaliación.
- 5.2.- A selección de métodos e a súa concreción en actividades de avaliación.
 - o A observación no posto de traballo.
 - o Simulacións.
 - o Probas estandarizadas de competencia profesional.
 - o Entrevista profesional.
- 5.3.- Deseño e aplicación de instrumentos de avaliación: fiabilidade, validez e pertinencia.
- 5.4.- Optimización dos recursos de avaliación.
- 5.5.- Casos prácticos.

Bloque 6: Valoración da competencia

- 6.1.- A comisión de avaliación: composición e funcións.
- 6.2.- O proceso de toma de decisións.
- 6.3.- Instrumentos de calidade do proceso de avaliación.
- 6.4.- Principios éticos e código de conduta na avaliación da competencia.
- 6.5.- A elaboración do informe de avaliación.
- 6.6.- Valoración da competencia e comunicación de resultados.
- 6.7.- A documentación no procedemento da avaliación de competencia profesional e a súa rastrexabilidade.
- 6.8.- Casos prácticos.